



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

D^a ROCIO HERMIDA CANCELA, SECRETARIA ACUMULADA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada en data 18 de outubro de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que se transcribe:

“4º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA previa ratificación da urxencia.

A) APROBACIÓN PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS, EXCLUSIÓN E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A LICITADORES INCURSOS EN BAIXA TEMERARIA. EXPTE.: 2022/C004/000002

Sométese a votación a ratificación da urxencia e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Considerando a seguinte proposta:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS, EXCLUSIÓN E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A LICITADORES INCURSOS EN BAIXA TEMERARIA.

EXPTE.: 2022/C004/000002

Considerando a Proposta da Mesa de Contratación celebrada o 16 de outubro de 2023, que eleva o órgano de contratación o seguinte:

“A Mesa de Contratación reuniuse en sesión celebrada o día 16 de outubro de 2023, para examinar as ofertas presentadas polos licitadores, realizar a súa valoración e efectuar a proposta de adxudicación do contrato de referencia e de acordo coa valoración das mesmas e a súa clasificación, conforme co disposto na cláusula 12 (criterios de adxudicación) do PCAP que rexe na licitación, a mesa de contratación, por unanimidade, acorda elevar ao órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Excluir da licitación á empresa RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L., por ter as súas propostas, concretamente os Proxectos técnicos nos LOTE 1 e LOTE 2 (sobre B - cláusula 12.A.3.2 do PCAP - criterios avaliábeis mediante xuízo de valor) unha extensión superior a 35 páxinas; obtendo unha valoración de 0 puntos (dado que non se valora a documentación que exceda de tal extensión), e consonte coa cláusula referida o licitador que non alcance unha puntuación mínima de 22,5 puntos en cada lote na valoración do conxunto dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor será excluído da licitación.

Segundo.- Notificar a exclusión do licitador RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L, coa indicación expresa de que de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP cabe recurso especial en materia de contratación contra os actos e decisións previstas no amentado artigo, ante o Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia.

Terceiro.- Requirit aos licitadores cuxas ofertas están incursas en baixa anormal ou desproporcionada (baixa temeraria) e que se detallan a continuación por orde de clasificación para que, conforme o artigo 149.4 da LCSP, xustifiquen as ditas ofertas no **prazo de 5 días hábiles**, a contar dende a notificación do acordo polo órgano de contratación, acompañando a documentación a que se refire o apartado 16.2 do PCAP que rexe na licitación. A xustificación realizada polo licitadores remitirase para informe dos servizos técnicos municipais:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da

Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Licitadores incursos en baixa anormal ou desproporcionada, por orde de clasificación:

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES - LOTE 1:

Nº ORDE	NOME EMPRESA
1	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L. CIF: B33687765 Total puntuación: 53,45 (incurso en baixa anormal ou desproporcionada)

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES - LOTE 2:

Nº ORDE	NOME EMPRESA
1	MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. CIF: B70380019 Total puntuación: 68,20 (incurso en baixa anormal ou desproporcionada)

Cuarto.- Se o informe técnico municipal emitido respecto das xustificacións das baixas temerarias dos licitadores indicados é desfavorable, ou ben os licitadores non presentan a documentación xustificativa da baixa no prazo sinalado, propónse a súa exclusión e a adxudicación e o requirimento de documentación aos licitadores de acordo coa súa orde de clasificación e conforme co sinalado nos parágrafos seguintes, a excepción dos licitadores excluídos incursos en baixa temeraria.

Quinto.- Se o informe técnico municipal respecto da documentación xustificativa das baixas temerarias dos licitadores é favorable, a mesa de contratación propón adxudicar o contrato **2022/C004/000002 - SERVIZO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS MUNICIPALES VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS**, e requirir a documentación aos licitadores, pola orde de clasificación que a continuación se detalla:

LOTE 1

Núm. Orde: 1 - CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L. - CIF: B33687765

Prezo de adxudicación: 66.571,03 € (55.017,38 € + 11.553,65 € de 21 % de IVE)

O licitador proposto, mediante comunicación electrónica, dentro do **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento do órgano de contratación, debe presentar na sede electrónica municipal, por medios electrónicos e con sinatura electrónica **a documentación a que fai referencia a cláusula 17 do PCAP** que rexe a contratación. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria (cláusula 17.10 do PCAP) e a documentación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 17.1 do PCAP).

- Garantías: 10% do importe do prezo final ofertado (dúas anualidades), excluído o IVE (conforme a cláusula 17.1 do PCAP, garantía definitiva 5% + garantía complementaria 5%). Importe garantía: 11.003,48 €.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, requirirase emendar a documentación en prazo de 3 días hábiles, de non proceder a iso entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 71, 72, 73 LCSP.

Núm. Orde: 2 - ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ - NIF: 76366448P

Prezo de adxudicación: 71.179,36 € (58.825,92 € + 12.353,44 € de 21 % de IVE)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da

Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O licitador proposto, mediante comunicación electrónica, dentro do **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento do órgano de contratación, debe presentar na sede electrónica municipal, por medios electrónicos e con sinatura electrónica **a documentación a que fai referencia a cláusula 17 do PCAP** que rexe a contratación. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria (cláusula 17.10 do PCAP) e a documentación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 17.1 do PCAP).

- Garantías: 5% do importe do prezo final ofertado (dúas anualidades), excluído o IVE (conforme a cláusula 17.1 do PCAP, garantía definitiva 5%). Importe garantía definitiva: 5.882,59 €.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, requirirase emendar a documentación en prazo de 3 días hábiles, de non proceder a iso entenderase que o licitador retirou a súa oferta. Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 71, 72, 73 LCSP.

LOTE 2

Núm. Orde: 1 - MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. - CIF: B70380019

Prezo de adxudicación: 53.276,85 € (44.030,46 € + 9.246,39 € de 21 % de IVE)

O licitador proposto, mediante comunicación electrónica, dentro do **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento do órgano de contratación, debe presentar na sede electrónica municipal, por medios electrónicos e con sinatura electrónica **a documentación a que fai referencia a cláusula 17 do PCAP** que rexe a contratación. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria (cláusula 17.10 do PCAP) e a documentación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 17.1 do PCAP).

- Garantías: 10% do importe do prezo final ofertado (dúas anualidades), excluído o IVE (conforme a cláusula 17.1 do PCAP, garantía definitiva 5% + garantía complementaria 5%). Importe garantía: 8.806,09 €.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, requirirase emendar a documentación en prazo de 3 días hábiles, de non proceder a iso entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 71, 72, 73 LCSP.

Núm. Orde: 2 - CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L. - CIF: B33687765

Prezo de adxudicación: 60.429,12 € (49.941,42 € + 10.487,70 € de 21 % de IVE)

O licitador proposto, mediante comunicación electrónica, dentro do **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento do órgano de contratación, debe presentar na sede electrónica municipal, por medios electrónicos e con sinatura electrónica **a documentación a que fai referencia a cláusula 17 do PCAP** que rexe a contratación. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria (cláusula 17.10 do PCAP) e a documentación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 17.1 do PCAP).

- Garantías: 5% do importe do prezo final ofertado (dúas anualidades), excluído o IVE (conforme a cláusula 17.1 do PCAP, garantía definitiva 5%). Importe garantía definitiva: 4.994,14 €.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, requirirase emendar a documentación en prazo de 3 días hábiles, de non proceder a iso entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 71, 72, 73 LCSP.

Núm. Orde: 3 - ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ - NIF: 76366448P

Prezo de adxudicación: 63.498,86 € (52.478,40 € + 11.020,46 € de 21 % de IVE)

O licitador proposto, mediante comunicación electrónica, dentro do **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento do órgano de contratación, debe presentar na sede electrónica municipal, por medios electrónicos e con sinatura electrónica **a documentación a que fai referencia a cláusula 17 do PCAP** que rexe a contratación. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria (cláusula 17.10 do PCAP) e a documentación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 17.1 do PCAP).

- Garantías: 5% do importe do prezo final ofertado (dúas anualidades), excluído o IVE (conforme a cláusula 17.1 do PCAP, garantía definitiva 5%). Importe garantía definitiva: 5.247,84 €.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, requirirase emendar a documentación en prazo de 3 días hábiles, de non proceder a iso entenderase que o licitador retirou a súa oferta. Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 71, 72, 73 LCSP”.

En consonancia cos trámites seguidos no expediente **SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a adopción do seguinte, en uso das competencias delegadas pola Alcaldía, en virtude do Decreto 349/2019, de data 27 de xuño de 2019, **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a Proposta da Mesa de Contratación na súa integridade.

Segundo.- Excluir da licitación á empresa RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L., por ter as súas propostas, concretamente os Proxectos técnicos nos LOTE 1 e LOTE 2 (sobre B - cláusula 12.A.3.2 do PCAP - criterios avaliábeis mediante xuízo de valor) unha extensión superior a 35 páxinas; obtendo unha valoración de 0 puntos (dado que non se valora a documentación que exceda de tal extensión), e consonte coa cláusula referida o licitador que non alcance unha puntuación mínima de 22,5 puntos en cada lote na valoración do conxunto dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor será excluído da licitación.

Terceiro.- Notificar a exclusión do licitador RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L, coa indicación expresa de que de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP cabe recurso especial en materia de contratación contra os actos e decisións previstas no amentado artigo, ante o Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia.

Cuarto.- Requerir aos licitadores cuxas ofertas están incursas en baixa anormal ou desproporcionada (baixa temeraria) e que se detallan a continuación por orde de clasificación para que, conforme o artigo 149.4 da LCSP, xustifiquen as ditas ofertas no **prazo de 5 días hábiles**, a contar dende a notificación do acordo polo órgano de contratación, acompañando a documentación a que se refire o apartado 16.2 do PCAP que rexe na licitación. A xustificación realizada polo licitadores remitirase para informe dos servizos técnicos municipais:

Licitadores incursos en baixa anormal ou desproporcionada, por orde de clasificación:

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES - LOTE 1:

Nº ORDE	NOME EMPRESA
---------	--------------



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

1 CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.
CIF: B33687765
Total puntuación: 53,45
(incurso en baixa anormal ou desproporcionada)

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES - LOTE 2:

Nº ORDE	NOME EMPRESA
1	MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. CIF: B70380019 Total puntuación: 68,20 (incurso en baixa anormal ou desproporcionada)

Quinto.- Advertir que se o informe técnico municipal emitido respecto das xustificacións das baixas temerarias dos licitadores indicados é desfavorable, ou ben os licitadores non presentan a documentación xustificativa da baixa no prazo sinalado, propónse a súa exclusión e a adxudicación e o requirimento de documentación aos licitadores de acordo coa súa orde de clasificación e conforme co sinalado nos parágrafos seguintes, a excepción dos licitadores excluídos incursos en baixa temeraria.

Sexto.- Notificar o presente acordo os licitadores incursos en oferta con baixa temeraria coa indicación expresa de que o presente requirimento non é susceptible de recurso, todo sen prexuízo das alegacións que estime pertinentes interpor.

Sétimo.- Publicar o acordo na Plataforma de Contratos do Estado, para xeral coñecemento dos licitadores.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe, A Alcaldesa, Asdo.: Sandra Insua Rial"

Sométese á votación o punto da orde do día e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

«Considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno en virtude das delegacións efectuadas pola Alcaldesa deste Concello, mediante Decreto Nº 580/2023 de data 19 xuño».

E para que así conste expido o presente certificado de orde e co visto e prace do Sra. Alcaldesa-Presidenta e en cumprimento do establecido no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Camariñas asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Vº e Prace,
A alcaldesa,
Asd.: Sandra Insua Rial

A secretaria acumulada,
Asdo.: Rocio Hermida Cancela